



Forza para avanzar na saída da crise

Camiño do final do ano os orzamentos do Estado e da Xunta confirman o que desde a CIG viñamos dicindo: que estamos ante unha profunda crise que se multiplicou coa pandemia e que, para afrontala, nin os Gobernos central e galego están a adoptar as medidas necesarias para que non sexamos, unha vez máis, a clase traballadora e o pobo galego quenes a paguemos.

Polo aumento dos salarios

A imparábel escalada da factura eléctrica está a facer estragos nas economías familiares, na actividade económica e na industrial, mentres o oligopolio enerxético acumula cada vez máis beneficios. Unha situación que está provocando ademais o incremento dos prezos de todos os produtos, nomeadamente dos básicos: a bolsa da compra ou a gasolina, que son precisamente os que consume a clase traballadora.

A banca vai desmantelando a súa rede de oficinas en Galiza, aplicando ERE que deixan na rúa a milleiros de traballadoras e traballadores do sector aproveitando que a reforma laboral segue vixente e provocando a exclusión financeira de miles de galegas e galegos. Unha situación que, lonxe de impedir, a Xunta de Galiza premia financiando cos nosos cartos a entidades como Abanca para que instalen caixeiros.

Defensa do emprego e da industria

Os procesos de dixitalización e descarbonización están aumentando as ameazas económicas, industriais,

sociais e laborais para o conxunto da clase traballadora e para o desenvolvemento soberano dos pobos e das nacións do mundo.

O emprego é cada vez máis temporal e precario, como constata a EPA do terceiro trimestre, que demostra a escandalosa perda de postos de traballo na Industria e na Construción en Galiza. Un total de 8.800 menos, a consecuencia do proceso de desmantelamento que sofren, de norte a sur, os nosos sectores produtivos.

Precisamos dun verdadeiro Plan Galego de Recuperación Económica, industrialización, creación de emprego digno, defensa dos servizos públicos e dos dereitos laborais e sociais que garanta o dereito a vivir e traballar dignamente no noso país.

Derrogación das reformas laborais

A reforma laboral segue vixente mentres se monta un paripé mediático para manter despois os seus aspectos máis lesivos, cumprindo así os requisitos impostos pola UE para poder acceder aos famosos fondos Next Generation, que están pensados ademais para destinar ás empresas e non ás persoas.

Por unhas pensións dignas xa

A reforma das pensións, en proceso de tramitación no Congreso, mantén os aspectos máis lesivos das reformas do PSOE e do PP que son, precisamente, as que provocan que en Galiza miles de persoas xubiladas e pensionistas cobren unhas pensións de miseria.



Unha situación propiciada polos sindicatos estatais que participan en componendas co poder económico, no chamado diálogo social, desprestixiando a loita sindical; renunciando a dar a batalla ideolóxica e política necesaria para contribuír a un cambio real do actual modelo económico e social; validando as políticas dos gobernos e contribuíndo á desmobilización da clase traballadora galega.

Tal e como expresaba o propio lema do VIII Congreso Confederal, precisamos 'Forza para Avanzar' para dar unha resposta contundente a todos estes ataques e para conquistar políticas alternativas que permitan que en Galiza poidamos exercer o dereito a vivir e traballar dignamente na nosa Terra.

As Asembleas da CIG renovaron as distintas Executivas e elixiron secretarios comarcais

Tras o VIII Congreso Confederal da CIG, que tivo lugar o pasado 9 de outubro en Santiago, a central sindical levou a cabo os procesos para renovar a dirección das distintas Unións Comarcais. Vigo, A Coruña, Ourense, Ferrol, Pontevedra, Lugo-A Mariña e Santiago-As Rías celebraron as VIII Asembleas Comarcais, nas que se escolleron os secretarios comarcais e se renovaron as Executivas, ademais de elixírense os representantes no Consello Confederal.


Deste xeito, Alberto Gonçalves, Xabier Filgueira, Anxo Pérez Carballo, Manel Grandal, Marcos Conde, Antonio Niño e Pepe Maio repetirán á fronte das Secretarías Comarcais despois de que as candidaturas de consenso que encabezaban recibisen o apoio maioritario dos delegados/as.

No caso de Vigo, a Executiva quedou conformada polas seguintes persoas: Alberto Gonçalves Herrero, Chelo Lago Mariño, Anxo Igrexas Covelo, Marta Gonzalo Correa, Suso Diz Gómez, Beatriz Caamaño Rasgado, Carlos Alján Collazo, Raquel Pérez Fernández, Xabier Pérez Igrexas, Ester Mariño Castales, César Rodríguez Martínez e Rafael Agras Suárez.

A da Coruña está formada por Xabier Filgueira Domínguez, Margarida Corral Sánchez, Óscar Calvo Varela, María Xosé Corominas Tenreiro, Ernesto López Rey, Silva Mourelle Rilo e Adolfo Naya Fernández.

A Executiva da CIG-Ourense íntegra Anxo Pérez Carballo, Alfonso Fernández Diéguez, Xulia González Pascual, José Ramón Álvarez Dacoba, Xosé Rodríguez Díaz, Óscar Núñez Álvarez, Rosa María Fernández Muñoz e Beatriz Blanco Rodríguez.

A de Ferrol Manel Grandal Anca, María Teresa Carballido Salgado, M^a Beatriz Fernández González, Xoán Galdo Rigueiro, Marta Cillero Bilbao, Carlos García Seoane e Alberte Amado Tallón.



En Pontevedra, a Executiva inclúe a Marcos Conde Farto, David Couñago Mouriño, Soedade Fernández Silva, Diana Rodríguez Regueira, Javier Dapena Varela, Marta Ferreiro Fernández e Lois Carballo Pose.

A CIG-Lugo escolleu a Antonio Niño Saavedra, Asunción Castiñeira Fernández, Xorxe Caldeiro Díaz, Dulce Neira Fraga, Lois Neto López, Nieves Somoza López, Miguel Ángel Pérez Núñez, Laura Arrojo Reguera e Xosé Paz Fernández.

Finalmente, a Executiva da Santiago está composta por Pepe Maio Abeixón, Renato Núñez da Silva, Lucía Freire Ces, Encarna Brión Tubio, Carminha Bueno Naveiro, Pablo Fragozo Dacosta, Anxela Martínez Parada e Eduardo Sebio Molguero.

Cara a unha foga xeral

Nas Asembleas Comarcais debatéronse a aprobáronse os Informes de Xestión das Executivas saíntes, nos que se analiza a situación socioeconómico e laboral de cada unha das bisbarras e do conxunto do país e se recolle o traballo sindical desenvolvido nos últimos catro anos, ao tempo que os secretarios comarcais perfilaron nos seus discursos as

principais liñas de actuación de cara ao novo período que se abre tras a celebración dos procesos.

Todos coincidiron na necesidade de reforzar o proxecto sindical que representa a CIG e de espallalo entre sectores máis amplos da clase traballadora para consolidalo como unha ferramenta útil e necesaria na defensa dos intereses da maioría social. De igual forma, debullaron os obxectivos fixados polo Congreso Confederal para os vindeiros anos: consolidar o sindicato como primeira forza en representatividade, afiliación e capacidade de mobilización; reforzar a organización; ser referentes do feminismo de clase; e afondar na loita pola soberanía nacional de Galiza.

Por último, tal e como se fixo tamén a nivel confederal coa aprobación dunha resolución especial no VIII Congreso, apostaron pola convocatoria dunha folga xeral no caso de que non se avance en reivindicacións como a dun verdadeiro plan de recuperación económica, industrialización, creación de emprego digno, defensa dos servizos públicos e dos dereitos laborais e sociais e a derogación das reformas laborais, da negociación colectiva, das pensións e do desemprego.



Folga xeral na Mariña o 17 de novembro

Pola industrialización, servizos públicos e investimentos

A Mariña, ao igual que todo o norte do país, vive un proceso de desmantelamento industrial e esmorecemento económico, laboral e social agónico, tras anos de peches de empresas sen alternativas para asentar novas industrias que permitan xerar postos de traballo de calidade, déficit histórico de infraestruturas e deterioración progresiva dos servizos públicos, nomeadamente da atención sanitaria.



Año e medio despois de Alcoa presentar o ERE, os Gobernos aínda non tiveron valentía nin vontade política para encetar a intervención pública da fábrica, malia ser a última do Estado español que produce aluminio primario e o evidente boicot da multinacional a materializar unha operación de venda.

A esta absoluta incerteza na continuidade da planta de San Cibrao, súmaselle agora o despedimento colectivo e o peche da planta formulado por Vestas, así como a constatación de que nin os Orzamentos Xerais do Estado nin os Orzamentos da Xunta de Galiza contemplan investimentos que permitan revertir a desertización industrial, a perda de servizos, a pobreza e o despoboamento da comarca.

“Pero desta volta non nos imos cruzar de brazos. Iremos demostrarlles a nosa firme decisión de loitar para arrancar compromisos reais e palpábeis que se teñen que plasmar nos orzamentos”. E con este obxectivo, a CIG promoveu a iniciativa, ante CCOO e UGT, de convocar folga xeral na comarca para o mércores 17 de novembro, cun demanda básica: reclamar “futuro para A Mariña”.

“Queremos feitos, non palabras”, di o representante da CIG na comarca.

Unha folga que, explica Xorxe Caldeiro, responsábel da Unión Local da CIG da Mariña, non só afecta a todos os traballadores e traballadoras da empresa privada e do sector público da comarca, senón que atinxe tamén ao pequeno comercio, persoal autónomo, hostalaría, portos pesqueiros e, “en definitiva, a toda a veciñanza. Porque estamos reivindicando o dereito a poder traballar e vivir dignamente na nosa terra”.

Caldeiro fai un chamamento a secundar e participar de maneira masiva neste paro comarcal (que se desenvolverá das 00 ás 24 horas do día 17) porque non pode ser que “a única que se nos ofrezca sexa un sector turístico completamente estacionalizado e que os únicos investimentos industriais que se contemplan para A Mariña sexan para a instalación de macro parques eólicos (afianzándose así o noso papel colonial e de fornecedor de recursos e materia prima), mentres se permite que se destrúan os empregos e se deslocalice a produción dos compoñentes eólicos”.

“Queremos feitos, non palabras”, asevera o representante da CIG. De aí a pertinencia de convocar unha folga

cando se están a tramitar as contas do Estado e da Xunta para lograr, coa presión social, o que a vontade política non quere: que se recollan partidas concretas para A Mariña, “pois esa é a única maneira de demostrar o compromiso real coa nosa comarca”.

Faltan políticas públicas

Nesta liña, o secretario xeral da CIG, Paulo Carril, denuncia a falta de intervención pública nos distintos sectores da economía e a ausencia de políticas para dirixir o proceso de transición enerxética, ao abeiro do que A Mariña e o conxunto do país viven unha ofensiva enerxética colonizadora cun enorme impacto social, ambiental e económico, “sen que poidamos tirar proveito desta actividade, porque non se obriga a que a instalación de renovábeis teña que levar vinculados plans industriais para súa implantación nos territorios afectados”.

Subliña Carril ademais que o conflito de Vestas e Alcoa evidencian a indefensión que supón manter plenamente vixente a reforma laboral, “permitíndose así que todo o poder de decisión sobre despedimentos colectivos estea en mans das empresas”, polo que urxe a derogación íntegra das reformas laborais de 2012 e de 2010.

Lección de solidariedade obreira e de dignidade na empresa IKF da Guarda

O persoal da empresa Imerys Kiln Furniture (IKF) da Guarda está a dar unha lección de dignidade no conflito que mantén en defensa dos seus dereitos. Son xa máis de 50 días de folga contra as pretensións da dirección de precarizar as condicións laborais do conxunto dos traballadores/as, pero en especial das persoas que accederon á compañía a partir de 2018.

Porque IKF quere prolongar a dobre escala salarial que establece diferencias de 5200 euros ao ano entre a mesma categoría laboral. A medida, pactada co anterior comité de empresa, só lle afecta na actualidade a tres persoas, mais espertou a solidariedade da práctica totalidade do persoal. Cando a finais do ano pasado a CIG se fixo coa maioría da representación na compañía (4 dos 5 delegados/as) solicitou documentación sobre os pactos laborais, descubrinto a existencia desta categoría de entrada, que supón arredor dun 30% menos de ingresos.

Por iso decidiu propoñer a súa eliminación nas conversas para renovar o pacto de empresa, ao tratarse dunha escala salarial revisábel. Pero a dirección negouse en rotundo, ademais de pretender impoñer a liberalización horaria,



unha maior flexibilización da xornada e o cambio no goce das vacacións. Diante disto optouse por convocar folga indefinida o pasado 14 de xullo.

O paro suspendeuse en agosto polo período vacacional, pero retomouse en días alternos primeiro e como folga indefinida despois. A pesar da unidade e determinación dos traballadores/as –secundan a folga 53 dos 55 operarios/as de produción– a empresa rexeita a mediación e estalle a botar un pulso ao seu persoal ante a pasividade da Xunta, cuxa deixadez ameaza con enquistar o conflito.

Precisamente a renovación do pacto de empresa, que caducou o 31 de decembro de 2020, foi outro dos motivos que levaron á folga. A negociación comezou en abril, mais o acordo non foi posíbel porque non existe consenso na actualización salarial, xa que a dirección quere aplicar a suba do convenio estatal, cando existe un pacto propio. O que si se logrou foi que IKF dese marcha atrás en aspectos como a distribución irregular da xornada. Pero o gran obxectivo é facer realidade unha reivindicación histórica da clase obreira: “A igual salario, igual traballo”

Mobilízate en defensa da Atención Primaria

SOS Sanidade Pública fai un chamamento a participar masivamente na manifestación que sairá da Alameda compostelá o 14 de novembro, ás 12:00 horas, baixo o lema ‘Salvemnos a Atención Primaria, na defensa da sanidade pública’. Denuncia a grave deterioración da Atención Primaria, da que responsabiliza a Xunta de Galiza e o propio Feixó “en beneficio da sanidade privada” e advirte que “se non facemos unha forte presión social e profesional para conseguir cambios de calado, a nova realidade pospandemia pode empeorar aínda máis a situación”.

A pandemia agudizou a grave crise que xa arrastraba a Atención Primaria coa priorización da atención telefónica sobre a presencial, a suspensión de probas e controis de saúde periódicos, sobre todo en pacientes con patoloxías crónicas, e listas de agarda de até 12 días.

Por iso demanda que se recupere a atención 100% presencial; a reapertura de todos os consultorios que foron pechados pola pandemia; a mellora da accesibilidade acabando coas listas de agarda, co desdoblamento das consultas; o incremento de persoal para a súa atención; e que non sigan

discriminando aínda máis as persoas maiores ou con dificultades de acceso no manexo das novas tecnoloxías.

Exixe tamén máis persoal; que se remate coa precariedade laboral cun Plan de Mellora da Atención Primaria; que se repoña a Xerencia de Atención Primaria, como forma de organización específica da área, con orzamento propio, e que sexa independente do hospital de referencia; e un orzamento finalista que supoña o 25% do presuposto sanitario. Un novo modelo, en fin, “digno, integral, accesíbel e de calidade”.